



CONCELLERÍA DE LEGADA.
CONCELLO DÁS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A Coruña)

Parque Municipal, s/n · CP 15320 · Tel./Tel. 981453116 · aspontes@aspontes.org · CIF P1507100D

Ref.:SQM

Extracto da resolución núm. 1507/2026 da Concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación de data 24/07/2026, pola que se acorda aprobar as bases reguladoras de “subvencións dirixidas ás entidades sociais para o ano 2026”

Primeiro.- Beneficiarios.

Entidades sociais sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

- Que os seus estatutos teñan obxectivos e finalidades sociais.
- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións de Galicia, e no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes de García Rodríguez.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.- Obxeto.

A presente convocatoria ten por obxeto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dirixidas ás entidades sociais para o ano 2026.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerá polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 142 do 29 de xullo 2026, dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/07/29/2026_0000004937.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 162.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.231.48900

Quinto. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos nas Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través de la sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só se poderá presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de DEZ días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLERÍA DE LEGADA.
CONCELLO DÁS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A Coruña)

Parque Municipal, s/n · CP 15320 · Tel./Tel. 981453116 · aspontes@aspontes.org · CIF P1507100D

Ref.:SQM

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2026, aínda que antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Oitavo.-Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.